

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/10	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

28 de agosto de 2025

Duración:

Dende as 20:00 até as 22:30 horas.

Lugar:

SALÓN DE PLENOS

Presidida por:

FRANCISCO CALO ABELLEIRA

Secretario:

ANDRES BUSTO ALLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ



33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ
-----------	--------------------------	----

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

1.- Aprobación da acta das sesión celebrada o día 26 de xuño do 2025.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade (12 votos)
------------------	---

Sométese a aprobación a acta das sesión celebrada o día 26 de xuño do 2025. Non presentándose observacións, quedando aprobada por unanimidade.

-De seguido e antes de pasar aos puntos resolutivos desta sesión ordinaria, a Corporación en Pleno do Concello de Outes, adopta a seguinte:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN DEFENSA DA XUSTIZA DE PROXIMIDADE NO PARTIDO XUDICIAL DE MUROS EN CONTRA DA CENTRALIZACIÓN DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

De seguido procédese á lectura por parte do secretario do Pleno da Declaracións institución asinada por tódolos grupos municipais:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN DEFENSA DA XUSTIZA DE PROXIMIDADE NO PARTIDO XUDICIAL DE MUROS EN CONTRA DA CENTRALIZACIÓN DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Outes, en representación dos intereses da súa veciñanza e en resposta ás peticións realizadas por diversos colectivos profesionais, sociais e veciñais do Partido Xudicial de Muros, ao que o Concello de Outes pertence, manifesta a súa profunda preocupación ante a proposta do Goberno Central de crear un xulgado especializado en Violencia sobre a Muller con sede en Santiago de Compostela, que asumirá as competencias hoxe atribuídas ao Xulgado de Primeira Instancia de Muros.

Esta medida, promovida en virtude da Lei orgánica 1/2025, de 3 de xaneiro, de eficiencia do servizo público da xustiza nos xulgados da violencia sobre a muller, e prevista ao abeiro do artigo 89.3 e 4 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, supón, de facto, a supresión da competencia en materia de violencia de xénero do Xulgado de Muros. Esta decisión non está xustificada en base a criterios obxectivos, xa que:

- Non existe unha sobrecarga de traballo no xulgado actual.
- Non se produciu un incremento significativo da poboación.
- Existen medios materiais e humanos suficientes para garantir a atención especializada e inmediata ás vítimas.



O Xulgado de Muros atende, actualmente, tanto causas penais como civís relativas á violencia de xénero (malos tratos, xuízos rápidos, medidas provisionais, gardas e custodias, modificación de medidas, liquidacións de bens comúns, etc.) cunha resposta eficiente, profesional e humana. Conta cun servizo de garda 24 horas os 365 días do ano, con avogados/as da quenda de oficio especializados/as, forzas de seguridade locais, CIM municipal e casa de acollida. Os datos estatísticos avalan o correcto funcionamento da xurisdición nesta materia.

Pola contra, a derivación destas competencias ao novo xulgado de Santiago, que atendería á súa vez múltiples partidos xudiciais da comarca e da provincia, implicaría:

- Un colapso do novo órgano xudicial, que se vería saturado.
- Atrasos estruturais na atención das vítimas e na tramitación dos procedementos.
- A eliminación da xustiza de proximidade, afastando as vítimas da súa contorna inmediata de apoio e protección.
- Un prexuízo directo ás persoas residentes no rural, especialmente nos concellos máis afastados, como Carnota ou Mazaricos, onde a primeira autovía se atopa a máis de 30 km, o que supón máis dunha hora ata Santiago.
- Un impacto multiplicado nas persoas con discapacidade, que xa sofren a falta de transporte público e accesibilidade no medio rural, como denunciou ADISBISMUR.

Esta proposta fomenta o illamento do rural, aumenta a inseguridade das vítimas, desmantela infraestruturas públicas necesarias e incumpre o principio de equidade territorial, xerando unha enorme alarma social entre profesionais, entidades sociais e cidadanía.

Neste contexto, o Concello de Outes, asumindo a súa responsabilidade institucional e, polo anteriormente exposto, redacta esta Declaración Institucional. Acordada por unanimidade entre todos os grupos políticos que forman o Pleno do Concello e que supón as seguintes actuacións:

1. Instar ao Ministerio de Xustiza, a Dirección Xeral de Xustiza de Galicia e ao Consello Xeral do Poder Xudicial a manter e reforzar a competencia actual do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Muros en materia de violencia de xénero, garantindo a continuidade do seu funcionamento e da súa capacidade para tramitar tanto os procedementos penais como civís derivados desta problemática.
2. Manifestar a repulsa institucional a que as competencias en violencia de xénero e materias relacionadas, actualmente asumidas polo xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Muros, sexa absorbidas polo novo xulgado de Violencia de Xénero de Santiago de Compostela, por considerala prexudicial, discriminatoria para o rural e carente de base



xurídica ou operativa.

3. Instar ao Goberno de España, ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao Ministerio de Xustiza a que:
 - Renuncien á modificación da competencia territorial do Xulgado de Muros.
 - Modifiquen ou deixen sen efecto a resolución que contempla esta centralización.
 - Recoñezan e manteñan a necesidade dunha xustiza de proximidade en zonas rurais.
4. Instar á Xunta de Galicia a presentar ante o Parlamento de Galicia unha iniciativa institucional en defensa da permanencia das competencias VIOGEN no Xulgado de Muros, manifestando o seu apoio á continuidade en materia de protección das mulleres e as familias.
5. Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Xustiza, á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, á FEGAMP e aos concellos do partido xudicial afectados (Muros, Carnota e Mazaricos), así como aos colexios profesionais correspondentes.”

2.- Expediente 848/2025. Festivos locais 2026	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade (12 votos)

DEBATE: comenza o debate coa exposición da proposta por parte do Sr. alcalde.

Toma a palabra o Sr. González López, voceiro de Compromiso Outes, para sinalar que o seu grupo vai apoiar a proposta.

Toma a palabra a Sra. Agra Tuñas en nome do Bloque Nacionalista Galego (BNG) para indicar que o seu grupo tamén vai a votar a favor da proposta xa que segue a liña dos anos anteriores e a festividade de San Campio é unha romaría con gran afluencia de visitantes e tamén mantelo como festivo local é unha maneira de apoiar a o obxectivo de acadar que dita festa sexa declarada de interese turístico, tal como xa está solicitado.

Non se producen mais intervencións.

VOTACIÓN: Rematado o debate sométese a votación o acordo que se transcribe de seguido, resultando aprobado por unanimidade, cos votos a favor de CxO (3), BNG (2), Grupo mixto (1) e P.P (6).

ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar como días festivos no Concello de Outes para o ano



2026 as seguintes datas:

- Mércores 18 de febreiro (Mércores de cinza);
- Martes 29 de setembro (San Miguel).

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ao Departamento Territorial da Coruña, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia , para o seu coñecemento e efectos.

3.- Expediente 251/2025. Delegacións e Avocacións de Competencias: nomeamento concelleiro na AVPC de Outes	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria Votos a favor: 9, Votos en contra: 0, Abstencións: 3

DEBATE: comeza coa lectura da proposta por parte Sr. alcalde e remata a exposición sinalando que o que se pretende con esta designación é procurar unha mellor colaboración e coordinación coa agrupación de voluntarios.

Toma a palabra o Sr. Núñez Fernández, voceiro do grupo municipal do BNG, para sinalar que van apoiar a proposta pero entenden que se tardou demasiado en traela ao Pleno.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que o motivo do retraso é que o concelleiro realizou a formación necesaria en materia de protección civil.

VOTACIÓN: Rematado o debate sométese a votación a proposta, adoptáñse o acordo que se transcribe de seguido cos votos a favor de, BNG (2), Grupo Mixto (1) e P.P (6) e abstención de CxO (3)

ACORDO

PRIMEIRO.- Nomear ao concelleiro D. Carlos Leis Pedrosa representante do Concello de Outes na directiva da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Outes.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo ao representante da antedita agrupación de voluntarios para que realicen os trámites que procedan para a execución deste acordo.

TERCEIRO.- Notificar ao interesado este acordo para o seu debido coñecemento e efectos oportunos.



4.- Expediente 603/2025. Subvencións Solicitadas a Outra Administración	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria Votos a favor: 7, Votos en contra: 0, Abstencións: 5

DEBATE:. Comeza o debate coa exposición do Sr. alcalde da proposta e cunha breve explicación de cadanseu proxecto.

Fai uso do seu turno de palabra o Sr. González López, voceiro de Compromiso Outes lembrando, en primeiro lugar, que estas obras xa estaban incluídas no POS complementario que propuso o goberno anterior, incluíndo dous deles o goberno actual na primeira fase deste plan e agora nesta segunda fase, traen ao Pleno os dous proxectos que quedaban no complementario pero con modificacións. Detalla distas modificacións, sinalando que no caso da pista de adestramento ten un cambio de ubicación e no caso da senda á piscina municipal inclúen asfaltado da via e manteñen practicamente o resto da obra. Remata esta intervención sinalando que o seu grupo entende que a proposta do goberno e que é moi parecida a anterior.

Fai uso do seu turno o Sr. Núñez Fernández, voceiro do BNG para sinalar que esta proposta o que fai é modificar dúas obras do goberno anterior e afirma que os proxectos están fatal e que ditas modificacións empeoran os proxectos anteriores. Continúa a exposición indicando que o sendeiro á piscina deixano incompleto xa que agora o Partido Popular converteo nun ensanchamento da estrada e recorta 70 metros, quedando a estrada mais ancha que, por exemplo, a Avenida Compostela e lembra que a estrada do proxecto é unha pista da parcelaria. Tamén sinala que con este proxecto os veciños teñen que ir polo paseo do río ou pola estrada e retíranse luminarios, concluíndo que é un esperpento de proxecto. Indica tamén que esta actuación é mais cara ca anterior e que cartos que se aforraban poderíanse asfaltar outras estradas ou tamén incluír no plan o arranxo da escola de música. No tocante á pista de adestramento parece que é mais longa que no proxecto anterior e que será necesario derrubar a pista de skate que se fixo no 2016 e que xa daquela chamou moito a atención e que agora, por necesidade ou complicidade, teñen que derrubala.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicitar que estas actuacións son proxectos novos e que melloran en moito os anteriores, xa que, no caso da pista de adestramento mellora a súa lonxitude e que este cambio atende as peticións dos usuarios. No tocante á senda da piscina este goberno non quere cometer os erros



do anterior xa que a senda actual adolece da falta de ancho suficiente e provoca que cando coincidan dous coches teñan case que parar e lembra que se mellora a seguridade na ponte con respecto ao proxecto anterior. Remata esta réplica indicándolle ao Sr. Núñez Fernández que no tocante ao viario de acceso á piscina, o asfaltado da via faise precisamente para mellorar a seguridade, que xa se ten o permiso dos propietarios afectados, ao que aproveita para agradecer a súa boa disposición e dita estrada non é na actualidade unha da parcelaria senon que é unha das vías de acceso e saída máis importantes ao núcleo da Serra.

Fai uso do seu turno de réplica o Sr. González López para sinalar a senda xa construída está perfectamente sinalizada e que non é certo que os coches teñan dificultades para circular en dobre sentido e que semella que o que non lle gusta ao actual goberno e que dita senda se realizara polo goberno anterior. Remata este turno indicando que detecta dúbidas no proxecto da pista de adestramento, concretamente no pouco espazo entre o pavillón e as pistas e espera que se solventen.

Toma a palabra no seu turno de réplica o Sr. Núñez Fernández, para incidir nos defectos nos proxectos novos e tamén que non teñen os suficientes pasos peonís, reitera que o actual goberno debería visitar outros concellos que si realizaron actuacións para a mellora da mobilidade peonil. Remata esta intervención indicando que os proxectos actuais empeoran os anteriores e semella que este goberno en unha mentalidade dos anos 50 xa que estas actuación están pensadas para os vehículos e non para as persoas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para rematar o debate, respóndendolle ao Sr. Núñez Fernández que fai unhas interpretacións irrealas dos proxectos e que tocante á senda da piscina si está pensada para os peóns e a seguridade vial e que, unha vez rematadas obras, os veciños poderán comparar as dúas sendas.

VOTACIÓN: Rematado o debate sométese a votación o acordo exposto, resultando aprobado con votos a favor de P.P (6) e Grupo Mixto (1) e coas abstencións de CxO (3) e BNG (2).

ACORDO:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:



A) FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello
TOTAL				

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello
Mellora do viario da Piscina Municipal ao paseo fluvial do Entíns	101.772,40	0	0	0
Pistas de adestramento campo de fútbol de Outes	32.089,05	0	0	0
Camiño de Vilardigo á escola de piragüismo e outros	33.538,02	0	0	0
TOTAL	167.399,47	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Concello			
	Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)				
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025				
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	167.399,47	0	0	0
TOTAL	167.399,47	0	0	0

Cod. Validación: 4173Y3K3KJW6LH34ZEPAE3.17
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 15



2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.- Expediente 745/2025. Colaboración e Delegación da Xestión Recadatoria	
Favorable	Tipo de votación: require maioría absoluta
	Unanimidade: 12 votos

DEBATE: comeza coa exposición da proposta por parte da concelleira, Sra. Molinos Vidal que neste punto actúa como voceira do grupo municipal do Partido Popular, na que en síntese, expón que é necesario delegar a xestión recadatoria na Deputación da Coruña pola falta de medios humanos e técnicos disponibles no Concello.

Fai uso do seu turno de palabra o Sr. González López, para sinalar que, vistos os informes de tesourería parécello axeitada esta delegación.

Fai uso do seu turno a Sra. Agra Tuñas, voceira neste punto do grupo municipal do BNG, para sinalar que están dacordo coa proposta xa que beneficiará a veciñanza e que o seu grupo xa o tiña previsto cando estaba no goberno.

Fai uso do seu turno de palabra o voceiro do Grupo Mixto, Sr. Caamaño Lestón, para sinalar que xa apoiara no se momento a delegación da recadación do IVTM, polo que neste caso actuará no mesmo xeito.



VOTACIÓN: Rematado o debate, sométese a votación a proposta , resultando aprobado unanimidade (12 votos) dos membros presentes na sesión, resultando o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña a seguinte competencia:

Recadación executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de cobro non periódico ou por períodos inferiores ao ano.

O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas

Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia aprobadas

pola Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a partir da data de publicación, para a presentación de alegacións que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

TERCEIRO.- O gasto orixinado por esta delegación non terá efectos ata o exercicio 2026, non sendo necesario, por tanto reservar crédito a este efecto no presente exercicio.

6.- Expediente 584/2025. Planificación Orzamentaria. Plan Económico Financeiro	
Favorable	Tipo de votación: ordinaria
	Unanimidade: 12 votos

DEBATE: comeza coa explicación da proposta por parte da Sra. Molinos Vidal na que sinala, en síntese, que é necesario acometer o plan económico-financeiro debido a que no exercicio de 2024 rexistrouse un desfase dos gastos sobre ingresos na cantidade de cincocentos vinte mil euros. Sinala tamén que este desfase débese a que o anterior goberno adicou parte do remanente de tesourería para gasto corrente, polo que se incumpre a regra da estabilidade orzamentaria. Remata informando que, unha vez activadas as regras fiscais que foran suspendidas pola pandemia, se son se aplica este plan económico-financeiro non sería posible cumprir coa estabilidade orzamentaria nos anos 2025 e 2026.

Fai uso do seu turno de palabra o voceiro do CxO, Sr. González López, para



sinalar que este plan económico-financeiro é un documento moi interesante xa que reflicte a xestión realizada polo goberno anterior, indicando que en dita xestión se cumpriu coa regra de gasto e coa débeda. Continúa a exposición lembrando que a débeda que ten o concello foi contraída polo goberno do PP nos anos 2015 e 2016 coa Deputación para financiar obras, o cal lle parece lexítimo como tamén sinala como lexítimo que o goberno anterior gastara o remanente de tesourería xa que dito gasto foi lexitimado polo Pleno da Corporación. No tocante a estabilidade orzamentaria sinala que é certo que non se cumpre unha vez activadas as regras de control fiscal pero que as medidas que se propoñen no plan económico xa foron tomadas polo goberno anterior, pola banda dos ingresos elevando a taxa de recollida do lixo e polo lado dos gastos aforrando cen mil euros anuais grazas a licitación do contrato de subministro de enerxía eléctrica o cal, lembra o Sr. González, que é a primeira vez que se licitou neste concello.

Remata este turno de palabra lendo as conclusións do informe do plan económico-financeiro, as cales sinalan que en termos xerais o concello de Outes goza dunha situación saneada, polo que acusa ao goberno actual de mentireiro xa que difundes a idea de que a xestión do goberno anterior no eido económico foia moi mala e que por iso fixeron a moción de censura.

Fai uso do seu turno de palabra o Sr. Núñez Fernández, voceiro do BNG, para indicar que suscribe plenamente o dito polo Sr. González López e lembra tamén que as medidas xa estaban previstas polo goberno anterior e que o remanente acumulado débese as normas de aforro que o goberno central do PP impuso no seu momento. Lembra tamén que a única débeda que ten o concello foi contraída polo goberno do PP no ano 2016, polo que considera que o goberno anterior fixo ben as cousas e o actual adícase a manipular a realidade da situación financeira do concello.

Fai uso da palabra no turno de réplica a Sra. Molinos Vidal, voceira neste punto do grupo municipal do PP, para lembralle ao Sr. González que non é certo o que di que non se gastou mais do que habia, xa que os datos reflicten que se gastaron mais de cincocentos vinte mil euros dos ingresos do orzamento. En segundo lugar sinala que o a débeda existente polo préstamo da Deputación supón ó 11,08% cando o límite legal é do 110%, polo que o dito nivel de débeda non é o causante deste plan económico-financeiro. Recórdalle que a realidade é que gastaron mais do ingresado, sinalando que o goberno anterior gastou mais do que ingresou, sendo esta a razón pola que se presenta o PEF, e recoñecendo que as medidas tomadas no goberno anterior son as correctas, tamén é certo que non son suficientes, xa que no PEF tamén se recolle a posibilidade de non acudir ao remanente de tesourería se non se cumpre a regra de gasto, o cal limita as posibilidades de atender as demandas do veciños, sen esquecer tamén outra medida como é a delegación da recadación. Remata a súa intervención resumindo que o goberno anterior incumpriu as regras e lémbrelle ao Sr. González que no pleno de aprobación da conta xeral de 2023 afirmou que se cumpriran tódas regras o cal no é certo xa que dende 2019 incumpriu as regras de gasto, polo que xa se ven que realmente minte.

Toma a palabra o Sr. González no turno de réplica lendo de novo as conclusións do informe do PEF nas que sinala que a situación económica do concello é saneada e sinala que o actual goberno adicouse a decir que a situación que deixaron era desastrosa, e indica tamén que o goberno actual ten unha visión patrimonialista do remanente anterior e que o que teñen que adicarse é a



xestionar.

Fai uso da palabra no seu turno de réplica o Sr. Núñez Fernández para sinalar que o actual goberno repítese na súa teima de que a xestión do goberno anterior era moi mala pero o certo é que non teñen proxecto de goberno nin presentaron ningunha iniciativa ata o de agora. Lembra que os remanentes non se gastaron senon que se invertiron, como por exemplo, a mellora da EDAR e por último lémbra a Sra. Molinos Vidal que si sabe o que é unha débeda e conclúe que está claro o goberno anterior deixou unha situación económica boa.

Fai uso da palabra no turno de réplica a Sra. Molinos Vidal, concelleira de Facenda, para sinalar que nunca consideraron que o remanente de tesourería existente no ano 2019 fose seu, e reitera que hai que ter valor para presumir de xestión cando, na data de 25 de febreiro de 2025, a liquidez existente era de setecentos vinte mil euros, do cal lle lembra ao Sr. González que presumiu delo nas redes sociais, pero segundo os datos recabados nos servizos de Tesourería e Intervención as facturas pendentes de pago na antedita data sumaban uns novecentos vinteun mil euros. Remata a súa intervención lembrando que en xuño do 2019, cando o Sr. González accedeu á Alcaldía a liquidez do concello era de catro millóns seiscientos mil euros e, por suposto, as obrigas pendentes de pago eran moi pouca cantidade.

VOTACIÓN: Rematado o debate, sométese a votación a proposta , resultando aprobado unanimidade (12 votos) dos membros presentes na sesión, resultando o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a proposta de plan económico-financeiro 2025-2026 do Concello de Outes nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

SEGUNDO. Remitir ao Ministerio de Facenda para a súa comunicación e publicación no seu portal web no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do plan económico-financeiro, en cumprimento do disposto no artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

TERCEIRO. Publicar, a efectos meramente informativos, o plan económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, unha copia do Plan estará a disposición do público desde a súa aprobación até a finalización da súa vixencia, na sede electrónica desta Entidade Local [<http://outes.sedelectronica.gal>].



CUARTO. Remitir o plan económico-financeiro 2025-2026 para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local.

7.- Expediente 678/2025. Peche e liquidación do Orzamento. Conta Xeral de 2024	
Favorable	Tipo de votación: ordinaria
	Votos a favor (7), Votos en contra (0), Abstencións (5)

DEBATE: comeza o debate coa exposición da Sra. Molinos Vidal, concelleira de Facenda, agradecendo, en primeiro lugar, o traballo realizado polos servizos económicos e demais persoal que colaborou na tramitación de expediente e, de seguido, explica o procedemento de aprobación da conta xeral e remata sinalando que do contido e resultados da mesma non ten o actual goberno nada que explicar xa que corresponde ao anterior goberno dita xestión e resultados da mesma.

Fai uso da palabra o Sr. González López, para sinalar que neste punto reitera e ratifica os argumentos expostos no punto anterior xa que o PEF é o resultado da liquidación do orzamento de 2024.

De seguido fai uso do seu turno o Sr. Núñez Fernández para facer unha reflexión no sentido de que, se ten nefasta era a xestión do goberno anterior, o cal deixou contratadas unha orquestras importantes para as festas, deberían contratar outras mais modestas en aras de conter o gasto. Sinala que o goberno actual non o fixo, senon que aumentou a partida das festas, polo que ou ben non era tan mala a situación económica herdada ou ben actuaron de maneira irresponsable.

Fai uso do turno de réplica a Sra. Molinos Vidal, para aclararlle ao Sr. Núñez Fernández, que non é certo que se aumentara a partida para festas xa que dito aumento nos orzamentos foi necesario precisamente para pagar as facturas do 2024 que deixaran sen pagar cando gobernaba. Remata a súa intervención recomendándolle ao Sr. Núñez que cando faga afirmacións dese tipo debería refrendala con datos.

VOTACIÓN: Rematado o debate sométese a votación o acordo exposto, resultando aprobado con votos a favor de P.P (6) e Grupo Mixto (1) e coas abstencións de CxO (3) e BNG (2).

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2024.

SEGUNDO. Remitir a Conta Xeral xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de



Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

8.- Expediente 688/2025. Información Económico-Financeira

O Pleno da Corporación toma coñecemento do Plan de Control Financeiro do Concello de Outes para o exercicio de 2025, presentado polo servizo de Intervención municipal.

C) ROGOS E PREGUNTAS

1.- PREGUNTAS ORAIS PENDENTES DA SESIÓN ANTERIOR

.- A Sra. Agra Tuñas, concelleira do BNG, formula de novo a pregunta oral pendente de responder do pleno anterior:

-Ten previsto o goberno actual licitar de novo proxecto de reforma da escola de Santo Ourente?

Resposta da Sr. Molinos Vidal, concelleira delegada de Facenda:

O cinco de novembro de 2024, despois do reparo suspensivo da Intervención municipal, encargaron un informe de supervisión técnica a Deputación e no mesmo día sacaron a licitación o proxecto.

En decembro de 2024 o informe da Deputación foi desfavorable e seguiron coa licitación. Ademais de que o goberno anterior non realizou a acta de reformulo no prazo legalmente establecido e que, en base a iso, a empresa adxudicataria renunciou á execución da obra. En base a todo isto, o goberno está a estudar cos servizos xurídicos municipais a viabilidade do proxecto actual ou buscar unha solución alternativa.

Reitera a Sra. Agra Tuñas que non se contestou a pregunta e reitera a mesma, ao que responde a Sra. Molinos Vidal que considera que a pregunta xa está contestada.

2.- PREGUNTAS ESCRITAS PRESENTADAS POLO BNG.

1.- Durante o noso goberno deixamos preparada unha renovación integral da páxina web do concello. De feito, a fase de deseño e contido xa estaba completa e lista para facer o cambio e publicala. Vai xa máis de medio ano despois e aínda non se procedeu co cambio. A que se debe? Cando pensa proceder coa renovación?

Resposta do Sr. Alcalde: o anterior goberno encargou dita páxina web segundo a súa visión e este goberno está analizando se dita páxina web se adapta ao que quere o actual goberno, xa que se está a valorar implantar melloras, polo que a eso se debe o retraso. A renovación farase cando o resultado da análise que se está a realizar sexa satisfactorio, en todo caso, farase o mais pronto posible.

3.- PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN



A) Preguntas formuladas polo BNG

1.- En relación coa resposta da pregunta sobre a páxina web o Sr. Núñez Fernández formula as seguintes preguntas:

-Estas modificacións van supoñer algún incremento no gasto e se teñen algún prazo máis concreto para a entrega e posta en marcha?

- Vaise a contratar unha nova empresa o van continuar coa actual?

2.- O servizo municipal de lectura de contadores de auga pasou a realizalos a empresa Asag, canto supón o custo deste servizo?

ROGOS:

O Sr. González López formula o seguinte rogo:

Dada a situación de deterioro do antigo hotel de Broña rógase que se continúe co expediente de derrubo xa iniciado polo anterior goberno, co fin de solucionar este importante problema urbanístico.

O Sr. Rodríguez Gándera formula o seguinte rogo:

Os veciños da rúa Doctor Esperante seguen a sufrir a falta de servizos, especialmente a falta de alumado público, polo que roga que redobren os esforzos para repoñer ditos servizos o antes posible.

O Sr. Núñez Fernández formula o seguinte rogo:

Co fin de preservar o arquivo situado na segunda planta do edificio de Centro de Día, roga que se instalen cortinas opacas na fachada sur de dito edificio.

E, non habendo máis asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 22:30 horas, de todo o cal, como Secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

